

FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL

Una manera de hacer Europa

Actuación susceptible de ser cofinanciada por la Unión Europea a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) con una tasa de cofinanciación del 80%, dentro del Programa Operativo Plurirregional de España FEDER 2014-2020 enmarcado dentro de la estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible e Integrado de Pontevedra de conformidad con la Resolución de 12 de diciembre de 2016 de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos del Ministerio de Hacienda y Función Pública (BOE 14/12/2016).

Número de expediente:2018/NOMFUNCONTEMP/000049

ANUNCIO PARA A PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS EN RELACIÓN CO NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO INTERINO COA CATEGORÍA DE TÉCNICO EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL PARA LA MEJORA DE LAS HERRAMIENTAS DE ACCESO DE LOS CIUDADANOS A LOS SERVICIOS PÚBLICOS ELECTRÓNICOS DEL AYUNTAMIENTO DE PONTEVEDRA

O 28/01/2019 ditouse a seguinte resolución que debe ser publicada no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o prazo de 10 días hábiles, dando cumprimento ao disposto no artigo 15 das bases reguladoras da lista de reserva (lista B) publicada o 05/09/2018, para a provisión de forma interina prazas dentro do Concello de Pontevedra coa categoría de técnico/a en tecnoloxías da información:

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO RELATIVA AO NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO INTERINO COA CATEGORÍA DE TÉCNICO EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL PARA LA MEJORA DE LAS HERRAMIENTAS DE ACCESO DE LOS CIUDADANOS A LOS SERVICIOS PÚBLICOS ELECTRÓNICOS DEL AYUNTAMIENTO DE PONTEVEDRA

Tras examinar o expediente tramitado para o nomeamento dun técnico en tecnoloxías da información como funcionario interino para a execución do programa de carácter temporal para la mejora de las herramientas de acceso de los ciudadanos a los servicios públicos electrónicos del Ayuntamiento de Pontevedra, resultan relevantes os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.-O 05/12/2018, emítase un escrito da xefa do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais, no que, entre outros extremos, se sinala o seguinte:

“(…) As leis 39 e 40/2015 introducen unha grande cantidade de novidades en materia de administración electrónica. En concreto, a Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas inclúe disposicións para profundizar na implantación da tramitación electrónica dos procedementos de tal forma que as novas obrigas fomentan a relación electrónica entre os interesados e a administración, pola súa parte, a lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público introduce elementos organizativos que conforman a administración dixital.

Xorden a diaria numerosas dificultades e se poñen de manifesto innumerables necesidades de mellora para unha prestación de servizo público adecuada, polo que o 22 de xaneiro de 2018 a Xunta de Goberno local do Concello de Pontevedra aprobou o denominado PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL PARA LA MEJORA DE LAS HERRAMIENTAS DE ACCESO DE LOS CIUDADANOS A LOS SERVICIOS PÚBLICOS ELECTRÓNICOS DEL AYUNTAMIENTO DE PONTEVEDRA para así acometer, con carácter urxente, as tarefas necesarias e delimitadas para chegar a un mellor cumprimento da lexislación reguladora da administración electrónica así como unha mellor e mais eficiente prestación dos servizos públicos en xeral e electrónicos en particular.

O dito programa, no seu apartado cuarto, indica que procede a contratación interina para a súa execución de, entre outros, un enxeñeiro en telecomunicacións especializado na administración electrónica aprobaronse as Bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de técnico en tecnoloxías da información da escala de





administración especial, clase técnicos superiores, encadradas no grupo A, subgrupo A1 (BOP núm. 171, de 5 de setembro de 2018). No citado programa procédese a xustificar a procedencia de contar con este persoal para afrontar os retos que se indican no programa temporal.

O posto de traballo a prover debe asimilarse ao posto da RPT co código CDG 1306.

Unha vez celebrado o proceso selectivo e aprobada a lista para a selección deste persoal interino debe procederse ao nomeamento interino dun técnico en tecnoloxías da información para a execución do programa sinalado de forma urxente e inaprazable habida conta da necesidade de executar as tarefas previstas no mesmo para afondar na implantación da administración electrónica e na mellora dos servizos públicos electrónicos existentes. Debe terse en conta como esta actuación ademais enmarcase dentro do obxectivo temático 2 da Estratexia de Desenvolvemento urbano sostible e integrado de Pontevedra, Máis Modelo Pontevedra, de conformidade coa Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Presupostos e Gastos do Ministerio de Facenda e Función Pública, que é unha actuación susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) cunha taxa de cofinanciación do 80% dentro do programa Operativo Plurirrexional de España FEDER 2014-2020, que debe executarse dentro do período concreto sinalado na Estratexia deste Concello para conseguir os resultados establecidos nos indicadores. En consecuencia é urxente e inaprazable cumprir dita finalidade.

Debe terse en conta que o artigo 19.dous da Lei 6/2018, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, permite acudir ao nomeamento de funcionarios interinos nos casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Así mesmo, o artigo 10 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público así como o artigo 23 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia permiten acudir ao nomeamento de funcionarios interinos para a execución de programas de carácter temporal sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que non respondan a necesidades permanentes da Administración. As necesidades que se pretenden satisfacer coa contratación do técnico en tecnoloxías da información expoñense no programa temporal sinalado anteriormente, que abranguen o período delimitado no mesmo, sen que revistan un carácter permanente, senón para o período sinalado neste.

- Que non teña unha duración superior a tres anos, ampliables ata doce meses máis de o xustificar a duración do correspondente programa. En principio o nomeamento que se propón é para tres anos, sendo no seu caso, susceptible de prórroga por un ano máis.

Polo exposto remítese o presente escrito ao Servizo de Persoal solicitando que se inicie o expediente para o nomeamento como funcionario interino dun técnico en tecnoloxías da información para a execución do programa de carácter temporal indicado por un período de tres anos, sendo susceptibles de prórroga por un ano máis (...)"

2.- Na sesión que tivo lugar o día 7 de xuño de 2004, a Xunta de Goberno Local prestou aprobación ás Bases xerais para a provisión interina de prazas de funcionarios vacantes e para a substitución temporal de persoal funcionario ou laboral do Concello.

A Xunta de Goberno Local na sesión do día 2 de maio de 2006, adoptou un novo acordo no que, no seu punto primeiro, se procede á derogación do artigo 6 das Bases xerais reguladoras para a provisión interina de prazas de funcionarios vacantes e para a substitución temporal de persoal funcionario ou laboral do Concello, aprobadas mediante acordo do 7 de xuño de 2004, que regula os requisitos para a inclusión na lista única de reserva priorizada cando no se tivesen convocado oposicións.

En cumprimento do disposto na base referenciada, no Boletín Oficial da Provincia do 05/09/2018 (BOP núm. 171) anunciouse a convocatoria pública para a formación, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha lista de reserva (listas B) que permita prover de forma interina prazas dentro do Concello de Pontevedra coa categoría de técnico/a en tecnoloxías da información, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 13/08/2018.

Efectuada a fase de oposición e unha vez finalizada a fase de concurso, procedeu a ditar Resolución da Canceleira de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio do 5 de decembro de 2018 polo que se aproba a Lista (B) de reserva para a provisión interina de prazas de técnico/a en tecnoloxías da información, grupo A, subgrupo A1. Esta lista aínda se atopa a día de hoxe en período de exposición pública, entrando en vigor unha vez remate o prazo de



Una manera de hacer Europa

Actuación susceptible de ser cofinanciada por la Unión Europea a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) con una tasa de cofinanciación del 80%, dentro del Programa Operativo Plurirregional de España FEDER 2014-2020 enmarcado dentro de la estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible e Integrado de Pontevedra de conformidad con la Resolución de 12 de diciembre de 2016 de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos del Ministerio de Hacienda y Función Pública (BOE 14/12/2016).

exposición de 10 días hábiles no taboleiro de anuncios.

En todo caso, cómpre advertir que o funcionamento da Lista de reserva aprobada (lista B) se axustará ás previsións dos artigos 12, 13, 14 e 15 das Bases reguladoras da Convocatoria. A dita lista B terá unha duración de 4 anos ou de menos no caso de que houberse un novo proceso selectivo para estas prazas, momento a partir do cal deixaría de ter vixencia. Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia a unha interinidade dará lugar as seguintes medidas: primeira renuncia: seis meses de exclusión; segunda renuncia: exclusión definitiva da lista. A renuncia non será causa de exclusión da lista, nin temporal nin definitiva, cando se deba a algunha das seguintes situacións no momento do chamamento: atoparse en situación de incapacidade temporal con alomenos dous días de antelación ou ter unha relación laboral ou funcionarial vixente.

3.- O11/12/2018 emitiuse proposta da Concellería de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio na que se instaba a que se iniciase o expediente para efectuar o nomeamento dun técnico en tecnoloxías da información como funcionario interino para a execución do programa de carácter temporal para a execución do programa de carácter temporal para la mejora de las herramientas de acceso de los ciudadanos a los servicios públicos electrónicos del Ayuntamiento de Pontevedra. Este nomeamento producirá efectos ata un prazo máximo de 3 anos, ampliables por 12 meses máis de acordo co previsto no artigo 23.2.c) da LEPLG.

O nomeamento interino realizarase aos candidatos correspondentes da Lista de reserva (Lista B) para a cobertura de postos coa categoría de técnico en tecnoloxías da información que se atopa vixente na actualidade.

O funcionario interino nomeado desenvolverá as funcións propias da praza e posto sinalado nesta proposta, percibindo as retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de clasificación e as complementarias correspondentes a un posto de traballo de técnico xurídico en administración electrónica (A1, nivel 25, asimilado CDG 1306).

Cómpre sinalar nesta proposta expresamente a conveniencia de que, de ser necesario, os custes deste nomeamento interino se realice con cargo ás partidas orzamentarias que financian as prazas que se atopan vacantes na actualidade.

5.- Emitido informe polo Servizo de Persoal, a Intervención xeral municipal informa, entre outros extremos, o seguinte:

“(…) 4.- RESULTADO DA FISCALIZACIÓN

Fiscalizado o expediente e polo anteriormente exposto infórmase o expediente DE CONFORMIDADE polo que procede continuar a tramitación do mesmo.

OBSERVACIONES

Así mesmo fórmulanse as seguintes observacións que non suspenden o procedemento pero deberán ser tidas en conta:

1.- No que respecta á incorporación de persoal temporal, debe advertirse que ao atoparnos en situación de prórroga orzamentaria ao non terse aprobado lei de orzamentos xerais do estado para 2019, non parece clara a limitación ou prohibicións que nestes aspectos regúlase anualmente nas leis orzamentarias.

Así, aínda que os Orzamentos Xerais do Estado se prorrogan automaticamente nos “créditos para gastos cuxa realización e indispensable para o normal funcionamento do estado e a ordinaria atención das necesidades colectivas” non se atopa prorrogada a Lei de Orzamentos Xerais para 2017, (así o recolleu expresamente no exercicio 2017 o Real Decreto 746/2016, de 30 de decembro, sobre Revalorización e Complementos de Pensións), polo que non resulta clara a normativa a aplicar.

No que se refire pois a este aspecto de incorporación de novo persoal temporal, parece que debe operar a prohibición de incorporar novo persoal, salvo en casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

2.- O programa temporal que regula as funcións a desempeñar polo posto nomeado aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xaneiro de 2018, denominado PROGRAMA DE





CARÁCTER TEMPORAL PARA LA MEJORA DE LAS HERRAMIENTAS DE ACCESO DE LOS CIUDADANOS A LOS SERVICIOS PÚBLICOS ELECTRÓNICOS DEL AYUNTAMIENTO DE PONTEVEDRA (...)"

6.- Con data do 18/01/2019, don Carlos Fernández Villar acepta a oferta de nomeamento como funcionario interino coa categoría de técnico en tecnoloxías da información realizada polo Servizo de Persoal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 10.1.c) do Real decreto-lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público (TREBEP) dispón que son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira cando se trate da execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a 3 anos, ampliable ata 12 meses máis polas leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto.

O procedemento de selección de funcionarios interinos deberá realizarse mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O cese producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

Segundo.-A lei 2/2015 do emprego público de Galicia, dispón, no seu artigo 23.1.c) que poderá nomearse funcionarios interinos para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración. O prazo máximo de duración da interinidade se fará constar expresamente no nomeamento e non poderá ser superior a tres anos, ampliables ata 12 meses máis se o xustificara a duración do correspondente programa.

No artigo 24.1 da lei 2/2015 sinálase que a selección do persoal funcionario interino realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia.

Así mesmo, o artigo 24.2 dispón que o cesamento do persoal funcionario interino producirase, ademais de polas causas que determinan a perda de condición de funcionario de carreira, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento; por amortización do posto que ocupe; por adscrición provisional ao posto de persoal funcionario de carreira ou provisión definitiva do posto por persoal funcionario de carreira; por transcurso do prazo máximo de duración do nomeamento; por incumprimento sobrevido dos requisitos exixidos para o desempeño do posto e pola reincorporación da persoa titular do posto, no suposto da súa substitución transitoria.

O cesamento do persoal funcionario interino non dá lugar a indemnización, agás no casos en que por causa del a persoa cesada non poida facer efectivo o seu dereito a vacacións nos termos previstos polo artigo 132 desta lei.

Por outra banda, o artigo 25.1 establece que ao persoal interino élle aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do persoal funcionario de carreira e, no seu apartado 4 sinala que a prestación de servizos en réxime interino non constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, porén, malia o anterior, o tempo de servizos prestados computarase nos supostos de concurso-oposición, nos termos que se establezan na correspondente convocatoria.

Terceiro.- Pola súa parte, no que respecta á Administración Local a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, dispón no artigo 246 que se poderá efectuar nomeamentos de persoal funcionario interino para prazas vacantes sempre que non sexa posible, coa urxencia esixida polas circunstancias, a prestación do servizo con funcionarios de carreira e que o persoal debe reunir os requisitos xerais de titulación e demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso como funcionarios de carreira, debendo cesar cando a praza sexa cuberta en propiedade ou cando a corporación considere que cesaron as razóns de urxencia que motivaron a cobertura interina.

Cuarto.- Non obstante o réxime xurídico exposto nos apartados anteriores, cómpre recordar o disposto no artigo 19.dous da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, de aplicación a todas as administracións públicas, segundo o cal durante o ano 2018 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios



Una manera de hacer Europa

Actuación susceptible de ser cofinanciada por la Unión Europea a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) con una tasa de cofinanciación del 80%, dentro del Programa Operativo Plurirregional de España FEDER 2014-2020 enmarcado dentro de la estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible e Integrado de Pontevedra de conformidad con la Resolución de 12 de diciembre de 2016 de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos del Ministerio de Hacienda y Función Pública (BOE 14/12/2016).

interinos, agás nos casos excepcionais, e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Á vista do citado artigo, infórmase que na solicitude da xefa do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais xa se fai constar o cumprimento deste requisito, polo que cómpre remitirse a aquela, que máis arriba se reproduce.

Quinto.- É competencia do Alcalde exercer a superior dirección do persoal ao seu servizo consonte o previsto no artigo 124.4.i) da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e o artigo 13.2.i) do Regulamento orgánico do goberno e administración municipal publicado no BOP núm.248 do 28 de decembro de 2005.

Por Decreto da Alcaldía de 21 de abril de 2017 delegouse no concelleiro de goberno Responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio as decisións, propostas e trámites en materia de persoal que sexan competencia da Alcaldía, así como o seguimento e control do cumprimento dos dereitos e deberes do persoal ao servizo do concello.

Atendendo ó exposto, esta Concellería de goberno no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE:

Primeiro.- Declarar xustificada a necesidade urxente e inaprazable de efectuar o nomeamento interino dun técnico en tecnoloxías da información para a execución do programa de carácter temporal para la mejora de las herramientas de acceso de los ciudadanos a los servicios públicos electrónicos del Ayuntamiento de Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 10.1.c) do Real decreto-lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público.

Segundo.- Nomear a don Carlos Fernández Villar, DNI núm. 7759*****, técnico en tecnoloxías da información deste Concello, co carácter de funcionario interino, integrado no grupo A, subgrupo A-1, coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de clasificación e as complementarias correspondentes a un posto do grupo A, subgrupo A1, nivel 25, con efectos do día 4 de febreiro de 2019, advertindo ao nomeado que cesará no posto de forma automática cando teña lugar a finalización da execución do programa de carácter temporal para la mejora de las herramientas de acceso de los ciudadanos a los servicios públicos electrónicos del Ayuntamiento de Pontevedra, ou nos supostos previstos na lexislación vixente.

As funcións a desenvolver polo citado funcionario serán as necesarias para a execución do programa de carácter temporal para la mejora de las herramientas de acceso de los ciudadanos a los servicios públicos electrónicos del Ayuntamiento de Pontevedra, tal e como se configuran no acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xaneiro de 2018.

O antedito nomeamento será cofinanciado pola Unión Europea, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) cunha taxa de cofinanciación do 80% dentro do programa Operativo Plurirrexional de España FEDER 2014-2020.

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Persoa, Réxime Interior e Patrimonio por delegación do Excmo. Sr. Alcalde, perante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente Resolución.

